

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Expediente de investigación dun camiño en Castromiñán aprobado polo Pleno da Corporación o día 4 de xuño de 2018

ANUNCIO

Aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión do día 4 de xuño de 2018, o inicio de expediente de investigación da titularidade dun camiño que presuntamente pertence ao Concello de Fisterra sito na localidade de Castromiñán, do termo municipal de Fisterra, ó figurar incluído no Inventario de Bens baixo o número 193 e aos efectos de determinar a súa titularidade correcta, de acordo co disposto no artigo 49 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, procédese á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Desde o día da data da devantida publicación exporase así mesmo un exemplar do anuncio do Boletín no taboleiro de anuncios do Concello de Fisterra durante quince días hábiles.

No prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación no taboleiro da Corporación, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen convinte en defensa do seu dereito acompañando todos os documentos no que funden as súas alegacións (artigo 50 do Regulamento de Bens).

Así mesmo estará a disposición dos interesados/as na páxina web do Concello de Fisterra (www.concellofisterra.gal).

Fisterra, a 18 de xullo de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Marcote Suárez

2018/5518